



Contrato de obras Procedemento aberto simplificado Tramitación ordinaria		
<i>Documento</i> CON13I013	<i>Expediente</i> CON/56/2018	<i>Data Creación:</i> 09-01-19 11:14

ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Cuberta da pista polideportiva de Verdía. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018.

TIPO DE LICITACIÓN: 123.966,94 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto simplificado.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 19 de febreiro de 2019, ás 9 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Rafael Peña Vidal.

Vogais: D. Antonio Ranedo Santillana, xefe do servizo de Proxectos e Obras.
D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.
Dna. María Luisa Prego de Oliver López, en representación da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador COVISAM NORTE SL.

En consecuencia, a mesa de contratación, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Excluir da licitación as ofertas presentadas polas empresas INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS SL e GROMA OBRAS SL por non xustificar debidamente o carácter anormal ou desproporcionado das súas baixas.

SEGUNDO: Trasladar á concelleira delegada de economía, facenda e administración o resultado desta licitación, aos efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ao licitador COVISAM NORTE SL, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un importe de 93.988 euros IVE aparte, para que dentro do prazo de 7 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ao aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 9:13 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA

Firmado por PEÑA VIDAL RAFAEL -
44848946G el día 20/02/2019 con un
certificado emitido por AC FNMT
Usuarios

Firmado por ROMÁN OTERO
FERREIRO - 33281132V el
día 20/02/2019 con un